

## Resolución pola que se estima parcialmente a reclamación presentada por don Federico Martín Bermúdez contra a listaxe de persoas admitidas e excluídas para a praza 24/4008

1º. Por Resolución do 2 de outubro do 2024, pública a listaxe de persoas admitidas e excluídas para a praza 24/4008.

2º. Unha das persoas admitidas, don Federico Martín Bermúdez, presenta un escrito no que advirte da existencia dun erro na relación de persoas admitidas e excluídas, por canto figuran persoas que non teñen acreditado o coñecemento da lingua inglesa por algunha das formas establecidas no artigo 2.1 da Normativa reguladora da docencia en inglés nas titulacións da Universidade da Coruña, aprobada polo Consello de Goberno de 18.07.2024, e na que se anuncia a celebración dunha proba de inglés que non contempla a citada normativa.

3º. Realizadas as oportunas comprobacións polo Servizo de PDI, ábrese trámite de audiencia ás persoas interesadas e elévase a esta Vicerreitoría proposta de resolución de rectificación de erros, retroacción do procedemento ao momento anterior á comisión do mesmo e devolución de taxas ás persoas interesadas.

4º. Á vista do anterior, procédese a subsanar o erro producido nas Resolucións de 27 de agosto de 2024 e de 1 de outubro de 2024 e, por conseguinte, a ditar nova Resolución reitoral de convocatoria das prazas, de data 12 de novembro de 2024, abríndose novo prazo de presentación de solicitudes a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no DOG, que ten lugar o 20 de novembro de 2024.

Así mesmo, procédese á devolución dos importes efectivamente satisfeitos en concepto de dereitos de exame ás persoas que presentaron solicitude de participación para concorrer ao proceso selectivo no que se cometeu o erro, por quedar sen efecto.

Polo exposto, no uso da competencia atribuída pola Resolución reitoral do 10.07.2024, pola que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais da Universidade da Coruña e as competencias dos seus órganos directivos, esta vicerreitoría **RESOLVE:**

1º. Estimar parcialmente a reclamación presentada por don Federico Martín Bermúdez, por canto a normativa reguladora da docencia en inglés nas titulacións da Universidade da Coruña, aprobada polo Consello de Goberno de 18.07.2024, establece como formas de acreditación da capacidade para impartir docencia en inglés as seguintes: 1) licenciatura en Lingua Inglesa/Graduado en inglés; 2) certificación oficial dun nivel C1 dos títulos recoñecidos na mesa lingüística de inglés da CRUE; 3) mediante un diploma que acredite un nivel de C1 completo do Centro de Linguas da UDC.

2º. Poñer en coñecemento das persoas afectadas a publicación dunha nova convocatoria do concurso público para a contratación de persoal docente e investigador na categoría de Profesor/a axudante doutor/a (prazas 24/4008 a 24/4011), publicada no DOG de 20 de novembro de 2024, na que se establecen as formas de acreditación da capacidade para impartir docencia en inglés sinaladas no punto anterior.

3º. Publicar a presente resolución no taboleiro electrónico e na páxina web da

Código Seguro De Verificación	E5819aJI6Nin7vmwtlg34Q==	Estado	Asinado	Data e hora	25/11/2024 10:23:57
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Páxina	1/2		
Observacións					
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/E5819aJI6Nin7vmwtlg34Q==">https://sede.udc.gal/services/validation/E5819aJI6Nin7vmwtlg34Q==</a>				
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).				



universidade, para xeral coñecemento.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer demanda ante o Xulgado do Contencioso-administrativo que resulte competente. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña, na data da sinatura dixital  
O reitor

PD: A vicerreitora de Profesorado [RR 10.07.2024]  
Teresa López Fernández

Código Seguro De Verificación	E5819ajI6Nin7vmwtlg34Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	25/11/2024 10:23:57
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/E5819ajI6Nin7vmwtlg34Q==">https://sede.udc.gal/services/validation/E5819ajI6Nin7vmwtlg34Q==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

